

BASES DA CAMPAÑA E SORTEO “MERCAR NO TEU COMERCIO TEN PREMIO”

1. “MERCAR NO TEU COMERCIO TEN PREMIO” é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola **Federación Galega de Comercio**, cola colaboración da **Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia**, que forma parte do Programa xeral de Dinamización do Comercio de Proximidade, e Estimulo da Demanda Comercial e do Consumo, que faciliten o desenvolvemento e a mellora da actividade comercial, que esta entidade organizadora, xunto coa colaboración da Dirección Xeral de Comercio e Consumo xa referida, pretende levar a cabo nas catro provincias galegas, nun plan escalonado e desenrolado en varias fases en datas diferentes, para así dotar de continuidade temporal o plan de dinamización e incentivación do consumo, e manter así a demanda comercial todo o ano, e sendo executado dito programa xeral de dinamización nestas diferentes fases escalonadas no tempo, en diferentes localidades sitas nas catro provincias galegas

Así, a primeira fase deste plan xeral de dinamización ou primeira campaña parte do mesmo, xa está en marcha en diferentes localidades da Provincia de Pontevedra dende o 12 de Setembro do 2022 e ata o 29 de Outubro do 2022, tal e como se comunicou debidamente a esta entidade antes do inicio da mesma.

A segunda fase deste plan xeral de dinamización a Federación Galega de Comercio, e a segunda campaña prevista como parte do mesmo, a campaña promocional e publicitaria denominada MERCAR NO TEU COMERCIO TEN PREMIO, terá lugar nunha serie de localidades da Provincia de Lugo, que se detallan nas presentes bases, e nas datas que se indican asimesmo nestas bases, que rexen o funcionamento da campaña.

2. **OBXECTIVOS DA CAMPAÑA:** As actuacións que se desenvolverán dentro desta campaña, que se levará a cabo nas localidades da Provincia de Lugo citadas nestas bases, como parte da segunda fase de execución do plan xeral de dinamización comercial no ámbito provincial que a Federación Galega de Comercio leva a cabo, coa colaboración da Dirección Xeral de Comercio e Consumo nas catro Provincias Galegas, consistirán na realización de accións promocionais, publicitarias e de incentivación do consumo e revitalización do comercio de proximidade, a fin de incrementar as vendas no comercio polo miúdo.

Con este obxectivo, nas localidades referidas no seguinte apartado, esta entidade levará a cabo unha serie de sorteos presenciais segundo o procedemento que se explica nestas bases, nos cales poderán participar todos os consumidores maiores de idade que o desexen e que merquen no comercio local de proximidade, entre as datas de inicio da campaña e as datas de realización dos sorteos nas respectivas localidades indicadas no apartado 3, e cumprindo en todo momento ditos consumidores participantes e os seus tickets de compra, os requisitos e a mecánica de funcionamento da campaña que se detalla nestas bases.

3. **AS DATAS E LOCALIDADES DA PROVINCIA DE LUGO ONDE SE DESENVOLVERÁ ESTA CAMPAÑA DA FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO SON AS SEGUINTE:**

MUIMENTA: Data prevista de inicio 26 de setembro de 2022 – Data e hora prevista de celebración do sorteo- 6 de outubro de 2022 as 13,30h. Lugar previsto de realización do sorteo: Praza Maior

TABOADA: Data prevista de inicio 27 de setembro de 2022 – Data e hora prevista de celebración do sorteo- 4 de outubro de 2022, as 13,30h. Lugar previsto de realización do sorteo: Praza de Riazón

LOURENZÁ: *Data prevista de inicio 7 de outubro de 2022 – Data e hora prevista de celebración do sorteo- 14 de outubro as 20,30h. Lugar previsto de realización do sorteo: Praza de Conde Santo*

XOVE: *Data prevista de inicio 10 de outubro de 2022. – Data e hora prevista de celebración do sorteo- 17 de outubro de 2022, as 20,30h. Lugar previsto de realización do sorteo: Avda. Da Deputación (frente á Oficina de Turismo)*

A PONTENOVA: *Data prevista de inicio 13 de outubro de 2022 – Data e hora prevista de celebración do sorteo- 20 de outubro de 2022, as 20,30h. Lugar previsto de realización do sorteo: Praza do Concello*

VILALBA: *Data prevista de inicio 17 de outubro do 2022 – Data e hora prevista de celebración do sorteo- 21 de outubro de 2022, as 13,30h Lugar previsto de realización do sorteo: Praza da Constitución/Alameda*

SARRIA: *Data prevista de inicio- 24 de outubro de 2022, Data e hora prevista de celebración do sorteo- 28 de outubro de 2022, as 20,30 horas Lugar previsto de realización do sorteo: Rúa Calvo Sotelo, 91-93*

CAUREL (SAN CLODIO) *Data prevista de inicio- 24 de outubro de 2022- Data e hora prevista de celebración do sorteo- 31 de outubro de 2022, as 20,30h. Lugar previsto de realización do sorteo: Praza Maior*

MEIRA: *Data prevista de inicio- 31 de outubro de 2022, Data e hora prevista de celebración do sorteo- 4 de novembro de 2022, as 13,30h. Lugar previsto de realización do sorteo: Paseo Central, Praza Maior*

***BURELA:** Data prevista de inicio- 4 de novembro do 2022- Data e hora prevista de celebración do sorteo- 11 de novembro de 2022, as 20,30h. Lugar previsto de realización do sorteo: Praza da Mariña*

*Así pois a data prevista de inicio xeral desta **Campaña MERCAR NO TEU COMERCIO TEN PREMIO**, que se desenrolará pola **Federación Galega de Comercio** nas localidades citadas da **Provincia de Lugo**, e segundo este calendario, será o **26 de Setembro do 2022**, data na que se inician as primeiras actuacións na localidade de **Muimenta**, e rematará o **11 de Novembro do 2022**, data na que se celebra o último sorteo da **Campaña** na localidade de **Burela**-*

4. A **DINÁMICA DA CAMPAÑA EN CADA UNHA DESTAS VILAS SERÁ A SEGUINTE:** Durante o día de inicio da campaña en cada localidade segundo o calendario detallado no apartado 3 destas bases, e a fin de divulgar, difundir e dar a coñecer dita campaña, os promotores contratados a tal fin pola entidade organizadora, procederán á **distribución e pegada dos carteis publicitarios** nos pequenos comercios retallistas de cada localidade, e nos tres días anteriores á data prevista de fin da campaña en cada localidade, procederán tamén ao **reparto de flyers publicitarios** confeccionados co mesmo fin pola entidade organizadora.

Estes mesmos promotores contratados pola entidade organizadora a tales efectos, e debidamente formados e con experiencia en eventos deste tipo todos eles, ademais de informar sobre a campaña a todo aquel que mostre interés na mesa, e de repartir e distribuír o material divulgativo e publicitario referido (carteis e flyers), actuarán en todo momento e durante a duración da campaña, como dinamizadores e animadores da mesma.



Asimesmo, nas datas de celebración de cada sorteo nas respectivas localidades, os promotores permanecerán nas carpas ou jaimas instaladas a tales efectos nos lugares indicados, durante os horarios establecidos nestas bases, a fin de recoller os tickets que aporten os consumidores, e comprobar que cumpren todos os requisitos establecidos para poder participar nesta campaña, entregándolles nese caso a ditos consumidores, os boletos de participación correspondentes, para poder optar aos premios que se sortean, segundo o mecanismo que se detalla seguidamente.

Quedan excluídos de participar nos sorteos desta campaña, todos os tickets de compras efectuadas en establecementos incluídos no Sistema Nacional de Pago baixo calquera dos seguintes Códigos de Actividade Interbancaria: Alcampo (1387, 1524, 2387, 2524, 5335), Carrefour (1386, 1389, 1423, 1525, 2386, 2525) El Corte Inglés (5959), Hipercor (5338), Eroski (1388, 1415, 1416, 1417, 1446, 1529, 2388, 2529). Do mesmo xeito, excluíranse os tickets de compras realizadas en gasolineras: Alcampo Gasolineras, Consum Gasolineras, CEPSA, Agip, BP Oil, Retail Operating Company, Makro Gasolineras, Leclerc Gasolineras, Corp. Alim. Guissona Gasolineras, Bon Preu Gasolineras, Uvesco Gasolineras, Eroski Gasolineras, Repsol, Campsa, así como venda de combustible a domicilio.

Así pois, os consumidores poderán aportar os seus tickets de compra que cumbran os requisitos referidos, nas carpas ou jaimas instaladas a tal efecto, na mesma data prevista de celebración do sorteo en cada localidade, en horario de 10,00 a 13,00 horas pola mañá, ou ben en horario de 17,00 a 20,00 horas pola tarde, segundo o horario do sorteo en cada localidade disposto no apartado 3 destas bases, tickets que serán recollidos e revisados polos nosos promotores, os cales procederán a selar os tickets aportados que cumbran todos os requisitos pertinentes, a fin de evitar a súa reutilización polo consumidor, e entregarán a cada consumidor participante a metade dun boleto de participación no sorteo respectivo, boleto debidamente numerado, e depositarán a outra metade do mesmo boleto nas urnas habilitadas nas carpas a tales efectos.

Os sorteos terán lugar en cada localidade, nas datas e horas previstas e indicadas no apartado 3 das presentes bases segundo o calendario establecido, entre todos os boletos participantes depositados nas urnas. O encargado de extraer os boletos que resulten premiados será un membro da entidade organizadora que se encargará tamén da presentación do acto de celebración dos sorteos e entrega de premios.

As entregas de premios serán presenciais, e terán lugar no mesmo acto de celebración dos sorteos respectivos en cada localidade.

No caso de que na primeira extracción dos boletos depositados da urna, para cada un dos premios que se sortean en cada localidade, non apareza o consumidor agraciado co boleto gañador para recoller o seu premio, levarase a cabo unha segunda extracción como máximo, e no caso de non aparecer tampouco ningún consumidor nesta segunda extracción para recoller o premio correspondente, ditos premios serán considerados desertos, e quedarán a disposición da entidade organizadora aos efectos oportunos. Unha vez que un consumidor resulte agraciado cun premio, non poderá obter ningún máis, aínda que dispoña de máis boletos de participación.

Os premios a sortear en cada localidade detállanse no apartado 5 das presentes bases.

5. PREMIOS. O importe total dos premios que se sortearán en cada unha das localidades recollidas nestas bases e entre todos os participantes que cumpran os requisitos das mesmas, ascende a un total de 1.000 euros por localidade.

Os premios a sortear en cada unha das localidades referidas, serán un total de 8 tarxetas prepago por importe 50 euros cada unha delas, e 20 tarxetas prepago por importe de 30 euros cada unha delas, tarxetas emitidas pola entidade financeira ABANCA, e que os consumidores poderán gastar no pequeno comercio local, ata o 28 de Febreiro do 2023 como data límite para facer efectivas estas tarxetas regalo.

As compras que realicen os consumidores agraciados con estas tarxetas prepago, deberán ser sempre no pequeno comercio polo miúdo, quedan excluídos polo tanto todos os establecementos indicados no apartado 4 destas bases.

Non poderán resultar agraciados nesta campaña os comerciantes participantes, nin tampouco os empregados da entidade organizadora. Asimesmo, os consumidores que resulten agraciados deberán ser todos maiores de idade.

6. **FISCALIDADE.** Os premios enténdense como **cantidades brutas**, suxeitas ás **retencións que establece a lei vixente**; polo tanto, a dita retención aplicarase automaticamente nos supostos que proceda.

A mera participación nestes sorteos supón a plena aceptación das presentes bases que rexen a campaña, así como de todo o disposto nas mesmas a tódolos efectos. O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que podan derivar da participación na campaña.



7. **PROTECCIÓN DE DATOS.** De conformidade co disposto no **Reglamento da UE 2016/679 de 27 de abril do 2016**, así como na **Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos personais e restante normativa estatal de aplicación no seu caso**, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO**, CIF G27170158, Ronda da Muralla, nº 52, entrecrán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, e-mail fgc@comerciogalicia.es Este ficheiro estará depositado e almacenarase pola empresa: **CDMON**, con domicilio en **Malgrat de Mar, 08380 de Barcelona, C/ Girona 81-83, Local 6**, entidade que cumprirá asimesmo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con todas as garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.



A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, confirma que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais, etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a **FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, e-mail fgc@comerciogalicia.es**, na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercer.

O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

A Federación Galega de Comercio resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como de suspender ou cancelar esta campaña/sorteo sen incurrir en ningún tipo de responsabilidade.

RECIBO DE PRESENTACIÓN EN EL REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA

La solicitud, escrito o comunicación para Modelo de comunicación previa para la realización de combinaciones aleatorias con fines publicitarios o promocionales, presentada por FEDERACION GALEGA DE COMERCIO con NIF G27170158 tuvo entrada en el Registro Electrónico de la Xunta de Galicia con los siguientes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	FECHA Y HORA DE LA PRESENTACIÓN	DESTINO
2022/2316247	21-09-2022 11:12	Servizo de Xogo

La siguiente tabla incluye un resumen electrónico de la solicitud, escrito o comunicación presentada y, en su caso, un índice y un resumen electrónico de la documentación que se declara presentar:

Documento presentado	Nombre del archivo	Resumen electrónico del archivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud (Anexo)	Solicitud-PR300A-20220921.pdf	FDE82038D86A3FEED435CD631E62FF4ECF27861D0C98596DDFD195331EB7145D
BASES CAMPAÑA	BASES CAMPAÑA.doc	ADC4BA16F6FCB12A1A412FDF93CBB92B4B2DA3F8B1875468E16816AAACCECB3
PROTOCOLO NOTARIO	PROTOCOLO NOTARIO.pdf	062C4734526714320F966B578D77BC546ABB436F8E972347592881024371C0AD
CERTIFICADO PREMIOS	CERTIFICADO PREMIOS.pdf	78FCEE9DCCF0E8133DA3DB636848DCa04291F405F386CDE21DD0859A7E747823

